



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de educación infantil e primaria
Sada y sus Contornos

Avda. Sada y sus Contornos s/n
15160 SADA A CORUÑA
Tífono e Fax 981 620 337
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es
Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsada/>

galicia

Circular núm. 4 (Curso 14-15)

NOVAS NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

O pleno da Corporación Municipal do Concello de Sada acordou onte por unanimidade de todos os grupos municipais instar á Consellería de Cultura e Educación a que dote de servizo de transporte ao noso centro e, no caso de que non conteste no prazo dun día hábil, que o Concello de Sada adopte as medidas oportunas para garantir ese servizo. No transcurso do Pleno o Alcalde anunciou que xa tiña o compromiso da Delegación da Xunta de asumir o desdobre do actual autobús que cubre o servizo desde Fontán.

A dirección do centro recibiu a confirmación por parte da empresa do número de autobuses dos que dispoñemos finalmente, a capacidade dos mesmos así como o seu funcionamento: desdobre de servizo, tempos para establecer horarios,... Somos coñecedores da inquedanza, preocupación e trastornos que sufrides moitas familias por este problema e estamos traballando sobre os listados que se publicaron no mes de xuño para poñer en marcha o servizo no menor tempo posible, aínda que haberá algunhas variacións. O servizo está previsto que funcione do seguinte xeito:

-Pola mañá dispoñemos de 2 autobuses, un deles fará un desdobre co que haberá tres viaxes. O autobús 1 e o autobús 3 saíran ás 8:30 de Fontán e pararán diante do Hotel ás 8:35. No autobús 3 só viaxarán usuarios de comedor e ao mediodía sairá directo para Mosteirón. O autobús 2 (que é o que desdobra o servizo) volverá ao Hotel a realizar a segunda viaxe con saída ás 8:45.

-Ao mediodía, como xa se recolle no punto anterior, o autobús nº 3 sae directo para Mosteirón cos alumnos de comedor. Ás 14 horas sae o autobús número 2 para o Hotel. Unha vez baixen os nenos e nenas volve ao colexio para facer a segunda ruta como autobús nº 1 con paradas diante do Hotel e Fontán sobre as 14:15 horas.

-As familias deberán extremar a puntualidade para que o transporte funcione debidamente.

Ao longo do fin de semana poremos uns listados provisionais na web e nos taboleiros de anuncios do Albergue e do Colexio. A prioridade no acceso ao servizo de transporte virá determinada pola distancia do domicilio ao Albergue. Non se adjudican prazas aos domiciliados desde a Avda. da Lagoa ata o Albergue, xa que o itinerario é máis curto que á parada do autobús.

O luns, a partir das 17 horas, atenderase persoalmente ás familias no Albergue para tratar de corrixir os erros que puidera haber nos listados provisionais. Ese mesmo día a última hora quedarán expostos os listados definitivos para empezar a funcionar o martes o servizo de transporte.

Debemos felicitarlos porque finalmente o sentido común se impoña. Temos que agradecer a labor que a Asociación de Nais e Pais levou a cabo para que este problema se solucione e os nenos e nenas de *Sada y sus Contornos* poidan estar escolarizados nas mellores condicións posibles mentres duran as obras de ampliación do centro.

Sada a 19 de setembro de 2014.



O DIRECTOR

Asdo. Miguel Gayoso Barreiro

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U. C.E.I.P. Sada y sus Contornos Sada - A Coruña
Data:	19 setembro 2014
Número:	8
S A Í D A	